

ESCOITAR.ORG

Laboratorio de audio

9 marzo– 13 maio 2007 **ESPAZO ANEXO**



DATAS

9 marzo– 13 maio 2007

LUGAR

Espazo Anexo
(praza peonil posterior)

HORARIO

De martes a sábados (festivos incluídos), de 11.00 a 14.00 e de 17.00 a 21.00

Domingos, de 11.00 a 14.00

ENTRADA LIBRE

PRODUCCIÓN

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

proyecto edición
proyecto-edición

RESUMO DO PROXECTO

A partir do taller *Paisaxe Sonora de Vigo*, o Colectivo Escotar.org continúa o seu traballo na cidade para atopar aqueles sons que a identifican, e constrúe no Espazo Anexo do MARCO un **Audiolab (Hacklab)** como lugar de experimentación aberto e público, no que se leven a cabo traballos de investigación, difusión, e toda unha serie de actividades paralelas. Partindo da **experiencia sonora** como medio de coñecemento, propónse unha reflexión sobre as formas acústicas de sociabilidade repensando o espazo urbano e as relacións sociais. Nesta ocasión, o núcleo do proxecto consiste en coñecer as **paisaxes sonoras de Vigo** a través de **orellas alleas**, como un exercicio de estrañamento no que o eixo fundamental será o traballo cos **colectivos de inmigrantes**.

ESCOITAR.ORG

CÉLULA PRINCIPAL DE TRABALLO

Chiu Longina (antropólogo), **Juan-Gil López** (musicólogo), **Julio Gómez** (xestor cultural), **Horacio González** (artista e programador), **Berio Molina** (artista e programador), **Xesús Otero** (enxeñeiro), **Carlos Suárez** (musicólogo)

COLABORADORES

Ao longo do proxecto, este grupo principal de traballo contará co apoio de múltiples colaboradores, moitos deles participantes no obradoiro *Paisaxe Sonora de Vigo*, organizado no MARCO en novembro de 2006.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

O proxecto converte o Espazo Anexo nun obradoiro público e colaborativo no que pode participar calquera persoa ou colectivo interesado en experimentar co audio. De martes a venres, en horario de tarde, os membros de Escoitar.org e os seus colaboradores traballarán no Audiolab en sesións de taller abertas ao público. Todos os espazos e equipamentos técnicos da sala están a disposición dos visitantes, incluíndo un sistema de gravación portátil para aqueles que desexen colaborar na construción do mapa sonoro de Vigo. Ademais, todos os venres haberá actividades especiais abertas ao público —concertos, showcases, performances, conferencias, seminarios, obradoiros— que se irán programando e comunicando con periodicidade semanal. O tempo restante, dentro do horario de apertura do Anexo (de mañá e tarde), o persoal de sala estará a disposición do público para atender calquera demanda de información complementaria.

Obradoiros abertos

- Martes, mércores e xoves de 17.00 a 21.00; venres de 17.00 a 19.00

Actividades paralelas

- Todos os venres, de 19.00 a 21.00. Entrada libre e aforo limitado

Avance de programación para os vindeiros venres

- Venres 16 de marzo, ás 19.00
TALLER DE ARDUINO, a cargo de Horacio González, Berio Molina e Alberto Ariza
- Venres 23 de marzo, ás 19.00
CONCERTO de Durán Vázquez, artista sonoro

ACTIVIDADES PARA ESCOLARES E CENTROS DE ENSINO

O proxecto inclúe unha programación de visitas e talleres para grupos de escolares maiores de 12 anos (alumnado de secundaria, bacharelato, FP, universitarios, escolas de son, etc.) nas que se experimenta co audio e se fomenta unha escoita activa.

- Horario visitas escolares: de martes a xoves, de 17.00 a 21.00
- Máximo 20 participantes por grupo
- PREVIA CITA no tel. 986 113900/11 (ext. 307 ou 314)

INAUGURACIÓN

Para a xornada inaugural do Audiolab cóntase coa colaboración do Centro Coreográfico Galego e do FestivALT.o7, para a interpretación dunha obra electroacústica composta polos musicólogos Juan-Gil Rodríguez e Carlos Suárez, membros do equipo do proxecto Escoitar.org. Esta obra, titulada “CadraVigo” e composta con paisaxes sonoras da cidade, reproducirase na rúa en formato cadrafónico. Os bailaríns vestiranse coa roupa de traballo deseñada pola artista Montse Rego, que servirá tamén como vestiario para os integrantes do Audiolab.

O PROXECTO: PRESENTACIÓN E CONTIDOS

Laboratorio de audio (Audio Hacklab escoitar.org)

O termo *hacklab* ven da fusión entre as palabras *hacker* e *laboratorio*. Trátase dun espazo físico onde se reúne un grupo de xente para investigar, debater e difundir temas relacionados coa rede, as novas tecnoloxías, o audio e os dereitos civís neses ámbitos, dende un punto de vista social. Nun *hacklab* adoita utilizarse un sistema de organización e aprendizaxe cooperativo e úsase software libre.

Escoitar.org transforma o Espazo Anexo nun *hacklab* temporal aberto a calquera persoa ou grupo que teña interese no fenómeno sonoro (artistas, grupos, asociacións culturais, particulares, etc.) Os contidos teñen relación directa cun debate aberto por Escoitar.org dende a súa creación: as formas acústicas de sociabilidade, a necesidade de incorporar o son ás historias dos lugares, os debates relacionados cos novos soportes na publicación e distribución de audio, os arquivos sonoros públicos e accesibles universalmente, ou as discusións sobre a configuración do patrimonio cultural inmaterial dos lugares, entre outros aspectos.

Obxectivos

A comprensión da cidade contemporánea precisa da articulación de novas estratexias que superen as limitacións dunha aproximación cuantitativa: “hai que aprender a xulgar a unha sociedade polos seus rúidos, pola súa arte e polas súas festas máis que polas súas estatísticas” (Jacques Attali).

Neste contexto, e partindo da experiencia sonora como medio de coñecemento, Escoitar.org propón —paralelamente ao laboratorio de audio— unha reflexión sobre as formas acústicas de sociabilidade repensando o espazo urbano e as relacións sociais. O contexto urbano, cada vez máis heteroxéneo, configúrase a través dun proceso de interculturalidade e transculturalidade propiciado polo fenómeno da inmigración —na actualidade un dos factores chave do crecemento demográfico— que se presenta como unha valiosa fonte para **comprender o espazo que habitamos a través da escoita allea**.

O proxecto de Escoitar.org consiste en traballar con colectivos de inmigrantes e investigar sobre a súa percepción dos sons que predominan na cidade ou que teñen un especial significado, a través de enquisas e doutros medios. Un achegamento a esa obxectividade imposible que, contrastada coa opinión da cidadanía de Vigo, axudará a definir a identidade acústica da cidade, dende a diferenza. A proposta convértese así nun exercicio de “estrañamento” que busca recuperar, na medida do posible, a escoita inocente da paisaxe sonora na que estamos inmersos, establecendo simultaneamente un diálogo entre culturas.

A transformación do Espazo Anexo

O exterior

Dende o exterior, o propósito é procurar unha coherencia entre a imaxe e os contidos e funcións do espazo como Laboratorio de Audio. Para iso se utilizan varios elementos:

- A **rotulación** e identificación do lugar como *Audiolab Hacklab escoitar.org*
- O revestimento dos módulos laterais con vinilos autoadhesivos simulando dous **altofalantes xigantes**.
- As '**escoitarillas**' —versión sonora das 'mirillas'— como instrumentos para a escoita situados nos laterais. Arrimando a orella a estas pequenas iconas poderanse escoitar pezas sonoras baseadas no son ambiental de Vigo.
- O cristal da fachada como **altofalante**: mediante o uso de tecnoloxías que permiten transformar calquera superficie lisa nun elemento vibrante e xerador de son, o escaparate do Anexo convértese nun emisor de audio que poderá ser utilizado para determinadas demos e accións.

O interior [** ver PLANO DE CONTIDOS en arquivo pdf*]

O interior é un laboratorio de audio aberto e público no que os integrantes do proxecto traballarán durante as nove semanas da exposición. Unha sala equipada con medios audiovisuais e cos instrumentos necesarios para realizar investigacións, experimentos e traballos de carácter científico ou técnico, todos relacionados coa escoita e o fenómeno sonoro en xeral.

Como tal laboratorio, está dotado de instrumentos de medida, proceso, xestión e outros elementos precisos para o traballo co audio, e dispón das condicións ambientais axeitadas e controladas para asegurar que non se altere o resultado dos experimentos ou medicións, e garantir que os experimentos se poidan repetir noutro laboratorio para obter o mesmo resultado: a normalización.

Ordenadores públicos con acceso á rede

Dous ordenadores públicos con acceso a Internet servirán para o traballo co software de audio e para acceder ao mapa sonoro de Vigo a través de Google-Map-Escoitar. Un deles terá conectada unha impresora e gravador de dvd/cd para reprodución de documentación relacionada co proxecto, que calquera persoa poderá solicitar.

Sala de proxección e plató de TV

Nesta sala proxectaranse traballos relacionados coa paisaxe sonora, o software libre, o copyleft e outros vídeos que teñen en común o de seren publicados con licencias que permiten a exhibición pública sen custos. Polas mañás proxectarase o mapa interactivo da Paisaxe Sonora de Vigo, con tecnoloxía Google-Map. A sala servirá tamén como plató de TV para gravación en vídeo das enquisas feitas aos participantes no proxecto.

Cámara de Atención Auditiva (CDA)

Cámara ou sala de audicións cun equipo de cadrafonía. Unha sala escura coa única presenza dunha pequena luz, onde o espectador poderá gozar do fluxo sonoro como aparello funcional, como obxecto decorativo. Neste espazo poderanse escoitar paisaxes sonoras de Vigo en calidade cadrafónica, e servirá tamén de sala de ensaio para os experimentos sonoros do laboratorio.

Roupa de traballo

Seguindo a idea de simulación das condicións ideais dun laboratorio científico, a artista Montse Rego deseñou unha roupa de traballo que levarán posta todas as persoas que formen parte do equipo do proxecto ou que traballen dentro deste espazo.

Pantalla con novas sobre Fonografía

A modo de panel informativo, no cristal exterior situarase unha pantalla de plasma na que irá aparecendo información dinámica con novas e titulares sobre fonografía.

O proceso: o traballo cos colectivos de inmigrantes e persoas doutros lugares

A proposta de Escoitar.org no Espazo Anexo continuará desenvolvéndose no marco do Proxecto Edición, coproducido polo MARCO, o CGAC e a Fundación Luis Seoane. O punto de partida é a cidade de Vigo, e posteriormente desenvolverase en Santiago de Compostela e A Coruña. O traballo cos colectivos de inmigrantes —referente común aos tres núcleos de poboación— é unha liña de actuación global que despois seguirá diversas coordenadas definidas polas especificidades de cada cidade.

A documentación

Nesta primeira fase o obxectivo é a documentación e clasificación de material audiovisual, que despois será utilizado para a publicación de resultados. Entrarase en contacto con grupos e colectivos de inmigrantes, e persoas de fóra de Vigo, cidadáns adaptados á súa nova vida, e convidaráselles a participar no proxecto acudindo durante uns minutos ao plató do *Hacklab*, onde se fará unha gravación de audio e outra de vídeo-fotografía mentres cada persoa dá resposta a unha serie de preguntas.

Paralelamente aos contactos cos colectivos de inmigrantes, e a fin de que a documentación sexa o máis completa e contrastada posible, obterase información 'a pé de rúa', especialmente con inmigrantes ilegais que están de paso pola cidade, e tamén con habitantes de Vigo que coa súa opinión axuden a configurar o carácter acústico da cidade.

As entrevistas

No caso da **poboación inmigrante**, o principal medio de obtención da información é unha entrevista sobre a cidade de Vigo, en dúas fases, coa intención de documentar as paisaxes sonoras de Vigo e dos lugares de orixe:

1ª parte: enquisa (con respostas en galego ou castelán)

1. Nome e país/lugar de orixe
2. Motivo polo que veu a Vigo
3. Que foi o primeiro que escoitou cando chegou?
4. Cal foi o derradeiro son que lembra (do seu país) antes da súa viaxe?
5. A que lle soa Vigo?
6. Que sons lembra do seu país/lugar de orixe?
7. Que son se levaría de Vigo para o seu país?
8. Que son se traería do seu país e lle gustaría escoitar en Vigo?

2ª parte:

1. Reproducir un son do seu país/lugar de orixe, ou no seu defecto unha canción
2. Conxugar en galego calquera tempo verbal do verbo 'soar' ou 'escoitar', por exemplo: *eu soo, ti soas, el/ela soa, nós soamos, vós soades, eles/elas soan. Eu escoito, ti escoitas, el/ela escoita, nós escoitamos, vós escoitades, eles/elas escoitan.*
3. Conxugar no seu idioma natural calquera tempo verbal do verbo 'soar' ou 'escoitar' (o non elixido no punto anterior)

No caso da **poboación local**, o instrumento é unha enquisa anónima sobre o carácter acústico de Vigo, que contén preguntas relacionadas coa memoria sonora, os sons de Vigo, a ecoloxía acústica e a definición de ruído.

O resultado: a publicación

Neste espazo, o lugar onde os participantes e a cidadanía colaborarán na construción da Paisaxe Sonora da cidade, comezarase a elaborar a publicación que servirá como testemuño do traballo feito e ao mesmo tempo como recurso de ensino. Un traballo arredor do son e das súas representacións sociais, un achegamento á escoita que os cidadáns fan do seu espazo urbano, sinalando e documentando aquelas paisaxes sonoras que cómpre protexer ou criticar para poñer en común unha nova forma de relacionarse coa sociedade acústica do século XXI.

+ info en:

www.escoitar.org

www.proxecto-edicion.net

www.marcoviggo.com

TEXTO DO COLECTIVO ESCOITAR.ORG

A Emigración: o altofalante do século XXI

“Unha das grandes preocupacións na sociedade contemporánea, xa advertidas polo investigador Murray Schaefer na década dos setenta, é a facilidade coa que o ser humano perde conexión coa realidade sonora que está a vivir. Estamos tan ‘contaminados’ pola hexemonía do visual e pola velocidade tecnolóxica da era industrial que o noso contorno vital, incluso na intimidade do fogar, camiña cara á escuridade, á sombra do silencio virtual: un illamento sonoro que pretende agochar falsos paraísos acústicos mentres incitamos, provocamos e contaminamos o máis valioso: a paisaxe sonora. Esta fuxida cara adiante afóganos fronte á incapacidade de decatarnos do noso ben máis prezado, a natureza. E mentres non sexamos capaces de exercitar os nosos oxidados sentidos mal chamados secundarios —entre eles o oído— non seremos quen de principiar a combatir unha batalla na que o peor inimigo non é o decibelio, como tradicionalmente se cre, senón a homoxeneidade do son que a sociedade de consumo ten comercializado para todos nós.

E por iso —detrás desta declaración de principios baseada en grandes investigadores como Barry Truax— na sociedade de hoxe en día un dos valores máis seguros para achegármonos ata a nosa paisaxe sonora non está tanto nos nativos de cada cidade como naquelas persoas que por diversas circunstancias tiveron que viaxar ata nós para compartir este paraíso acústico. Os INMIGRANTES, traballadoras e traballadores doutras partes do mundo, son con toda seguridade os principais valedores para saber como soamos? e a que soamos?

Elas e eles son os que mellor poden retratar, fotografar, a nosa realidade acústica; e con elas e eles queremos traballar a paisaxe sonora local de cada unha das cidades, pero sen perder de vista outra das grandes peculiaridades da sociedade acústica do noso tempo: a mestizaxe sonora. Sabemos que existe unha sociedade cosmopolita onde as cores expresan unha diversidade cromática produto de sucesivas unións entre individuos de distintas razas. Sen embargo, aquí temos outro claro indicador de ata que punto o poder do visual se sitúa por riba da identidade sonora: somos quen de falar de mestizaxe de razas e culturas, pero non somos capaces de recoñecer que o son da lingua coa que se comunican as persoas é o primeiro sinal de identidade das migracións cando emprenden ese duro camiño de adaptarse á fala do país de destino. A mestizaxe lingüística é o primeiro sinal de identidade na sociedade contemporánea. Un grande puzzle ou colaxe sonoro onde as linguas e os seus acentos van traballando novas texturas sonoras”.

SOLICITUDE DE MATERIAL GRÁFICO

ESCOITAR.ORG
Laboratorio de audio

MATERIAL GRÁFICO DISPOÑIBLE PARA A PRENSA:

CD con textos e fotos da exposición, en diferentes formatos.

SE DESEXA RECIBIR DOCUMENTACIÓN, ENCHA E ENVÍE ESTE DOCUMENTO POR CORREO ELECTRÓNICO, FAX OU CORREO POSTAL A:

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Rúa Príncipe 54
36202 Vigo (Pontevedra)

Departamento de Comunicación e Relacións Externas

Marta Viana Tomé
Pilar Souto Soto
Tel. +34 986 113908 / 113903
Fax +34 986 113901
marta.viana@marcovigo.com
pilar.souto@marcovigo.com

Prégase especificar o formato da imaxe, así como o medio de comunicación para o que solicita a documentación

| | | |
|------------------------|-------------------------|-----------|
| Formato desexado: | | |
| Nome e apelidos: | Temas de interese: | Teléfono: |
| Cargo: | Enderezo: | Fax: |
| Medio de Comunicación: | Código postal e cidade: | Correo-e: |
| Sección/ Programa: | Enderezo alternativo: | Outros: |

Solicitamos que remitan un exemplar da reseña que publiquen ao noso Departamento de Comunicación.